

NOVA NORMATIVA DE ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 23/24 (Orde do 21 de outubro de 2022 – Decreto 13/2022 do 3 de febreiro)

Entre as modificacións respecto a normativa anterior (Orde do 12 de marzo de 2013, que queda derogada en virtude da disposición derogatoria única) podemos salientar as seguintes.

- ❖ Acláranse os membros computables da unidade familiar.
- ❖ Incrementábase a puntuación obtida pola concorrencia do criterios de “proximidade do domicilio ou lugar de traballo ao centro escolar”.
- ❖ Establécese a obriga de sinatura da solicitude polas dúas persoas proxenitoras.
- ❖ En caso de desempate, o criterio de persoa proxenitora do alumnado que traballe no centro escolar pasa ao posto número 4 (antes era o segundo).
- ❖ Modifícase o sistema do sorteo da letra de desempate, que farase aleatoriamente mediante unha nova aplicación informática.
- ❖ Modifícanse de 10 a 5 os días hábiles para distintas reclamacións ou solicitude de completo da documentación, para axilizar o proceso.

NOTA INFORMATIVA

- ❖ Todo o alumnado incluído no ámbito desta Orde do 21 de outubro de 2022, pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro. Poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
- ❖ A solicitude (ED550B) é única para cada alumno/a ten carácter vinculante e a súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- ❖ Presentación de solicitudes, presentaranse por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática admisionalumnado: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Tamén presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismo de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave 365>).
- ❖ O IPREM ANUAL para o ano 2020 está fixado en 6.454.03. Criterio renda per cápita da unidade familiar.



A Coruña, a 14 de febreiro de 2023